

Sr. Roberto Veloso Gomez  
Yerbal 53  
RAMOS MEJIA

# A NOSA TERRA



Año XXXIX — Num. 492

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 376.979

FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2022  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2127

Bós Aires, Xaneiro de 1955

## Eispresivos Homaxes a Castelao no Cabo Dano do seu Pasamento

### A COMISION INTERSOCIETARIA CELEBROU UN IMPORTANTE AITO LEMBRANDO O QUINTO CABO DANO DA MORTE DO GUIEIRO DO GALEGUISMO

Seguido a súa tradición, a Comisión Intersocietaria creada polo mesmo Castelao para realizar un traballo común a prol de nosa recuperación nacional e para lembrar as datas históricas da galegidade, celebrou este ano un trascendente aito en lembranza do quinto cabo dano do pasamento do mestre insigne, que constitúe unha renovada mostra da empatía e fondura que adequeriron os sentimentos galeguistas no seo da nosa colectividade. O casal do Centro Ourenseño, que dou marce a tantos aitos de fervor patriótico, conferiu tamén esta vegada o ambiente axeitado para esta afervorada demostración.

lazaban as bandeiras argentina e galega, destacábase o fermoso busto de Castelao, debido ás mans maestras do escultor Maza, rodeado de ofrendas florais adicadas polos Centros Ourenseño, Pontevedrés, Coruña, A.B.C. de Corcubión e Irmandade Galega. Unha ringleira de mozas e mozos galegos, vascos e cataláns, cos seus traxes nacionais e nunha xuntanza simbólica, facían



O segredo do Consello de Galiza Sr. Antón Alonso Ríos, pronunciando o seu discurso.

arela da Galiza ideal, da Galiza que aspira a ser ceibe, dona dos seus destínos. Gracias ás súas ensinanzas temos hoxe unha craca conciencia da Patria e un san orgullo de sentirnos galegos; manteremos vivo o anseio de recuperación da liberdade do noso povo e traballaremos sin desmaios a prol da superación da nosa Terra.

#### DISCURSO DE XAVIER BÓVEDA

Invitado especialmente pol-a Comisión Intersocietaria falou neste aito o destacado intelectual galego don Xavier Bóveda quen encomenzou o seu discurso respondendo o seu desexo de facer un análise da significación do movemento galeguista na Arxentina antes e despois de chegar Castelao, como un dos máis significativos xeitos de honrar a súa memoria e manter o seu nome pois nada mellor que os froitos recoñecidos para testificar a bondade da terra e a calidade da semente espallada.

Análise de significado as características da colectividade galega fai causa de trinta anos atrás, para destacar que a súa forza arbutante era tan soa unha devoción, un anseio lírico, a morriña da Terra. Con ese sentimento bastábelo ás nosas xentes e sentíase tanto máis galego, canto máis fondo sufrisen a dor da Terra ausente. Por eso sostúbanse os problemas reais de Galiza, cousa que non resulta estraña, pois aló na Terra vivíase o mesmo clima e o estudo concreto dos nosos problemas era soa causa de meditacións para unha pequena minoría. Deste xeito podería espiarse que Ponal, o gran bardo da nacionalidade galega, non fose nunca un poeta popular.

Sostén o disertante que os galegos somos no fondo xentes que nos gusta eispresarnos colectivamente e o núcleo da nosa alma é a aldea, nai da paisaxe. Por eso a aglutinación da nosa colectividade na Arxentina está constituída por esa multitude de sociedades localistas, enxendradas polo amor á aldea e vortendo as súas iniciativas cara ela: fan camiños, pontes... e na hora traxica da guerra traen homes e redimen vidas. Como o máis rexo produto de se fondo sentimento, que resiste todo o tempo, presenta o Centro Galego, a máisima realización do sentimento galego en Bós Aires.

Pasa logo o señor Bóveda a analizar a crisis do proceso espiritual que lle permite á nosa colectividade descubrirse como conciencia, acontecemento que resulta impulsado en gran parte pol-a guerra. A guerra entre nosoutros —di— tivo a virtude de facerlle ver ao noso home emigrado, a realidade dura do seu povo. Denantes desta hecatombe existía xa un movemento galeguista que fixo moi-

to para espertar esa conciencia, pero as súas inquedanzas non pode decirse que chegaran a ter unha grande influencia no seo da colectividade. Castelao chegou precisamente no intre en que sobor da Galiza emigrada do sentimento comenzaba a xurdir a Galiza voluntariosa da liberdade, ansiosa de semente. E eisoupou enfebrece-la nos ideais de galegidade, sentirse cobizosa dun máis millor.

Dese xeito, no desenrolo espiritual da colectividade galega de Bós Aires distingue dúas etapas que chaman de sentimento e da vocación; d'antes e despois de Castelao.

O porvir da nosa Terra —afirma— está xunguido, aos vicios do noso mar Atlántico que comunica a Europa con América, pero precisamos un povo que teña conciencia de si mesmo, que non vaia rexido soa polo sentimento, senón fundamentalmente pol-a vocación. Ao lembrar neste día a Castelao comparamos a colectividade, pois está perto o tempo da seitura e debemos ollar se os froitos responden ás esperanzas postas neles. Coida que en verdade o futuro e promisorio e resulta lido ver que neste intre en que os prelos de Galiza están achados para os espíritos galegos, multiplícanse eiqui as impresións dos nosos libros e o Centro Galego máisima realización da colectividade na ese espertar que produxo a verba etapa do sentimento, respondendo a de Castelao, da un estampo máis fido ao sumar a súa axuda máis valiosa a ese movemento que mostra ao noso povo unha varil eispresión da súa vontade de ser un povo ceibe.

#### FALAN OS REPRESENTANTES VASCO E CATALAN

Logo do conceituoso discurso do Sr. Bóveda, falou en nome da colectividade vasca o Dr. Hedefonso Gurruchaga, quen destacou con emocionadas verbas a transcendencia do pelerinaxe redentor de Castelao, nos momentos pra os galegos, senon pra os vascos, que sempre tiveron nel un dos máis sinceros e leales defensores das súas liberdades.

En representación dos cataláns, uso da verba a continuación, o Dr. Ramón Escarrá, quen, empregando en algún pasaxes da súa disertación o noso doce idioma, refírese ao ideario de Castelao e ao alento que representou pra os povos galego, vasco e catalán, xunguidos nunha comunidade de sentimentos e anseos de liberdade, a predica emocionada e vibrante do noso inmortal guieiro.

#### VERBAS DO IRMAN ALONSO RÍOS

Fechando este emocionante aito falou o Segretario do Consello de Galiza, irmán Alonso Ríos, que comenza lembrando que xa noutra ocasión semellante fixo destacar a concepción nacionalista do Mestre, o outro supremo valor que para ele tiña a Nación Galega. Ningún poder alleo —dixen daquela— ten dereito a impor normas nin coitar ou limitar o ceibe desenrolo espiritual do povo galego, i-esta verdade eterna ten de ser repetida a cotía.

Neste quinto cabo dano do pasamento de Castelao quero falar doutra face do pensamento do noso Guieiro; a do artista civil. De cote do lapis de Castelao xurdían obras cheas de humanidade, en función dunha constante vital que o integrou no seo da Nación Galega. Eses dibujos perfilan a alma galega. Non aprexan un intre da alma do noso povo; non son anacos, son sumas; non son estampas do "estar", son estampas do "ser".

Esta facultade de Castelao de captar fondo na vida das xentes permítelle facer esas estampas de povos alleos, de povos que ele comprende e (Continúa na páx. 3)

## CASTELAO

CINCO anos van trascorridos dende a morte do noso ilustre guieiro. Cinco anos é pouco tempo para darlle adecuada perspectiva á extraordinaria figura que perdemos; pero xa se pode alviscar a grandeza que adequirirá cando a Historia depure a súa obra e fixe os contornos que a destacarán sobor de todas as xeracións pasadas e aínda sobor de moitas do porvir.

Non é paixón a que nos cega; non é cariño ao mestre desaparecido o que nos incita a escribir taes verbas; é o estudo reflexivo e imparcial da laboura do home que encarnou como ninguén o espírito da nosa Terra.

Castelao foi un xenio. E a natureza necesita moitos séculos de tateos para acertar con outro xenio equivalente. Castelao non brillou por esta ou aquela condición; foi un home completo, o home que percisaba Galiza para realizar os seus anseos de liberdade; o home que loitou sen desmaios pol-a redención da nosa Terra.

Na lonxanía do tempo, a esgrevia figura de Castelao erguérase cada vegada máis outa até alcanzar proporcións xigantescas, pasando cicais, como no antergo, a outar a categoría de mito, de deus que será adourado nos nosos altares.

Agora mesmo, Castelao escomenza xa a desprenderse do seu círculo partidista para adequirir contornos zonaes. Xa non é unha determinada capela a que reverencia a súa memoria. Son todas as ilesias de Galiza, somos todos os galegos amantes da liberdade os que reverenciamos o seu nome e rendemos culto ao seu ideal.

I éste é o gran valor da obra de Castelao, producir a unión dos bós galegos, dos que queremos a autonomía para a nosa Terra, dentro dunha república federal e democrática, calquera que sexa o partido político a que se perteneza.

Non son estos momentos os axeitados para emprender ningunha acción decisiva para o logro dos nosos ideais. O mundo débatesse no meio dun confusiónismo e dunha tiranía aplastante, que non deixa máis oución que someterse ou morrer; pero día chegará no que se poida loitar libremente pol-a consecución dos anseos seculares da nosa Terra. Entón o sagro nome de Castelao será o que dos nosos beizos sairá para conquistar o trunfo.

Namentras, é mester prepararse para o combate. Hai que erguer a cultura do noso povo; hai que ilustralo sobor dos nosos orixens, do que fomos e do que poderíamos ser; nunha verba, hai que formar unha conciencia que nos encha de orgullo, non que nos deprima, e que nos mova a gañar todo o que perdemos, cando rolau a cabeza do mariscal Pardo de Cela, naquel día triste para Galiza, pol-as vellas lousas da praza de Mondoñedo.

Esta é, oxe por oxe, a única obra que os galegos podemos facer, e que todos debemos facer, porque ningún haberá por mal nacido que sexa, que se negue a colaborar nese senso.

Si amamos á nosa Terra, si queremos ser fideles á memoria de Castelao, o mellor don que lle podremos ofrendar é seguir o camiño que él con tanto desintrés e sacrificio percorreu. Nada será máis grado ao seu recordo que traballar sen acougo pol-o benestar da nosa querida Galiza.

E todos os anos, ao xuntarnos diante do seu sartego, para lembralo e vigorizar a fe nos seus ideais, que son tamén os nosos, xuremos non ter a menor claudicación na empresa que temos a obriga de continuar, si desexamos que algún día a nosa Terra sexa honrada e diña de ocupar o posto que meresece no mundo.

guarda arredor, cal froito do ideal espallado pol-o mestre inesquecible. Entre os numerosísimos asistentes que acugulaban o salón de aitos do Centro Ourenseño notemos a presenza dos Presidentes de todas as entidades que compoñen a Comisión Intersocietaria, das delegacións vascas e catalán.

#### DISCURSO DE DON MANUEL PUENTE

Comenza decindo que as entidades que compoñen a Comisión Intersocietaria, recollendo o latexar patriótico de toda a colectividade galega de Bós Aires, rinden un fondo homaxe ao Patriota galego máis grande de todos os tempos, neste sinalado día do quinto cabo dano do seu pasamento, honxaxo no que nos acompañan todos os galegos —da Terra e da emigración— que sinten no seu espírito azos dunha nova vida para Galiza.

Agradece de seguido ás representacións dos povos vasco e catalán a súa presenza neste aito, portando as eispresións da amizade que nos xungue nas arelas de redención, amizade que foi un dos meirandes anseos do guieiro desaparecido. Xuntos espera tamén que podamos estar en Galiza no ledo intre en que, ceibe a nosa Terra, o corpo do máisimo apóstolo do galeguismo poda ser levado a acougar no seo da Terra Nai, fundíndose co ela, como máisima realización dos seus ideais.


Laiase da perda que significou para Galiza a morte do seu guieiro, caudo en plea madurez, acugulado de proietos para o porvir, máis necesitaba o tempo para dar corpo aos seus pensamentos; no seu derradeiro mensaxe á colectividade galega de Bós Aires bulia esa preocupación cando dixó: "Aseguro que nunca na miña vida tiven tanto que decir e tantos desexos de decillo". Pero a súa laboura non quedará perdida xa que os galegos manteremos de cote vivo o compromiso de manter aceso o seu ideal i-espallado até velo trocado nunha gloriosa realidade para Galiza.

Lembra de que xeito Castelao sabía encanlar os sentimentos de galegidade en calisqueta dos lugares en que asentou no seu pelengrinaxe pol-as terras de América. A pureza dos seus sentimentos, a firmeza das súas conviccións, fíxonos entender aos galegos o que sentíamos por intuición; fixo que o que estaba dentro da nosa i- alma como paisaxe, como poesía, como saudade, fora guiado cara á política da nacionalidade galega. ... I esta semente —remata decindo o señor Puente— está hoxe agromando abundosa e promisoramente, pois aicendeu en todos os galegos a sagra-



O presidente da Comisión Intersocietaria Sr. Manuel Puente lendo o seu afervorado discurso.





NOSE CONDE, fino e inspirado poeta galego, dun tempo esta parte anda a facer en verso cousas raras, diríamos máis sospeitosas...

¿Qué lle pasará ao vate? ¿Ele será certo que probou 'rabanitos' con manzanilla? ¡Malol!... Os 'rabanitos' para papalos de noite, hai que previamente, machucalos ben machucados, doutra modo, laxeríndolos inteiros, son mui indixestos. Poden chegar a producir peritonitis aguda, cousa esta na que o inspirado poeta é hábil...

O CENTRO LUCENSE, entusiasta e progresista entidade luguesa, finda de celebrar o décimo segundo aniversario da súa fundación e, con este gallo, na fermosa quinta d'Olivos houbo festa corrida.

Pol-a serán, a "galeguísima" rondalla "Aragón" coas súas xaranas de bailes xitanos integradas por auténticos "niños" e "niñas" cañí, contribuíron doadamente a crear ese clima especial de mero con ronquío nun acompañamento de palmas e aplausos a la mare, ar pare, ar eñaño e á terra de María santísima...

Pol-a noite, logo do consabido banquete, o dilixente secretario xeral don Benito Díaz, leu mui emocionado a Memoria e Balance da institución pondo de nota a tremendísima importancia que ten e terá o nobre deporte dos "bolos celtas" no progreso e prestixio da institución e de Galiza...

Pechou este "galeguísimo" aito, o pimpante Don Indaneiro con fermosísimo e pintoresco castrapo, que mesmamente partía los corazones...

Lalándose de que o critican por mor de non facer obra galega, dixo moi foncho: 'Dejad, dejad, que deia romate a las obras de Olivos que después, libre de preocupaciones adicarei todos los esfuerzos para hacer obra en la capital y entonces, ¡ja ja! la verán, la verán los que me critican por no hacer galeguismo e de lo que somos capaces los gallegos del Centro Lucense... Postos a hacer, somos capaces de unir a la colectividad para amañar un teatro tan grande, como el Colón e inda máis...

Este Don Indaneiro é o demo. E hai que o ter de ollo porque se lle dá por arremangarse para demostrarnos que non para en barras, con tal de facer "galeguismo" é capaz de contratar a Miguel de Molina...

¡Ollo con Don Indaneiro!...

O GUARANI GRANA, este pavero e simpático guaraní medido a "rabanito" hespañol, que dixo mui foncho en certa ocasión que había que combater aos terratenentes galegos (?) anitre os cuais sinalaba ao coxo Romanones, escribiu en "Galicia" un sesudo e longo artigo onde pon de nota, as súas notábeis dotes intelectuais e das outras. Mais, ouh, que dór: non se lle entende un pito. Nembargante, pescúdase axiña, que algo teima decir o home, por canto anitre liñas lése algo encol dos galeguistas...

Cheí, Grañta, Avivate, viejo, avivate. ¿Por qué non tentas a escribir en guaraní, que eiquí ténche un bon tradutor?...

É EVIDENTE QUE OS GALEGUISTAS somos politicamente falando, os homes máis combatidos.

Atámanos os republicáns, chamándonos "malos españoles que atentamos contra la sagrada unidad de la patria". (¡Olé!)

Os coitados anarquistas preocupados decote en facer estoupal e mundo. (Vaia por Deus!...)

Os galegos vergonzantes, a quenes les pesa como un croio no bándullo a súa condición de galegos. (¡Malpocados!...)

E por fin, os adocidos falanxistas, quenes xuntos cos sarleros "rabanitos" hespañois zorrégannos cada week-end, un tan endiañado fogo entrecruzado d'artillería que moito nos fai pensar na grande responsabilidade da nosa tarefa patriótica.

Después de todo, un pregúntase: ¿qué diaños facemos nós de malo pra que teñamos tan encabuxadamente en contra de nós a toda a hespañola?

Nós loitamos por unha Galiza diña e nosa. Unha Galiza ceibe para que poida desenrolarse cultural e economicamente acaión dos povos máis adiantados.

¿É este un delito?

!!!NOTICIA BOMBA!!!

Na leda cidade da Coruña, celebrouse a boda, según o rito musulmán, de Merien Mezian, filla do mourazo Capitán Xeral de Galiza, Mohamed Mezian Ben Kasen, co cherif Mohamed Eskali.

Após da cirimoña relixiosa, os Mezián oferesceron unha recepción seguida dun banquete según a tradizoal costume musulmán, que consiste en comer sentado nun almohadón deitado no chan e as pernas cruzadas en tixeira...

Antre os numerosos e calificados invitados que asistiron adoviados á usanza moura, según o requeria a etiqueta, figuraba o Cardenal Quiroga Palacios, arzobispo de Compostela, locindo moi zeitoso unha branquísima chilaba corsada por un vistoso turbante e gran pruma roxa; Doña Pilar Franco, vestindo moi graciosa un elegantísimo traxe de odalisca cor verde banana. Tamén foi doado ver ao reverendo estraperlista Abade Mitrado de Samos, adoviado nunha ampísima chilaba, tocando a súa ca-

NUMEROS CANTAN...

Una Hectárea de Patatas

por Luis Moure Mariño

Con estes tídeos, foi publicado "Faro de Vigo" o valente e enxundioso artigo que a continuación insertamos e que amosra a tradición do noso, agro pol-a incomprensión ou máis fe do goberno franquista, ao ter a Galiza xun-guida a unha economía rutnosa, que imposibilita o seu normal desenvolvemento económico, fronte ao agro hespañol, cos seus produtos básicos protexidos polo Estado, fomentando deste xeito a emigración dos nosos campesiños cara a terras de liberdade e fartura. "Velaí o artigo:

Ya en años anteriores nos hemos ocupado del problema del comercio de la patata que, en la presente campaña, se presenta con perspectivas sombrías para la economía campesina de Galicia. Nos hallamos ahora en pleno período de recolección. En otras campañas, por estas mismas fechas, la demanda asediaba con pedidos a los exportadores, de tal modo que, desde la propia finca, los sacos de patatas salían hacia el ferrocarril. Tal sistema de venta favorecía doblemente a los productores, no ya solo porque su cosecha era dinero contante, sino porque, además, la patata sufría en el curso del año mermas de peso que sobrepasan el 25 por 100, por cuya razón al productor le interesaba vender los excedentes, reservándose la necesaria para el consumo.

En la plenitud de la recolección se está cotizando la patata en la provincia de Lugo —la principal productora de la región— a 0,35 céntimos el kilogramo. Conviene añadir que, si bien este es el precio que rige en el mercado, la demanda no muestra apuros en la compra —en realidad se está dando el caso de que los labradores ofrecen de compradores para sus excedentes. Por el momento no han salido vagones de patatas en la presente campaña; de modo que los campesinos que habían en resolver sus problemas económicos esperando a la recolección de la patata, se encuentran con una cosecha que no pueden negociar.

El problema tiene, sin embargo, un aspecto de mayor trascendencia, del que deseamos ocuparnos en este comentario. Vamos a demostrar, en efecto con números a la vista, que el precio de 0,35 céntimos kilogramo no ya sólo no proporciona utilidad alguna a los labradores, sino que no basta para cubrir los gastos de producción. Para acometer tal demostración tomaremos como módulo la producción media de una hectárea de tierra de secano de buena calidad, cultivada y atendida con las exigencias mínimas. He aquí las cifras:

1.800 kilos de patata de siembra, a 2,25 pesetas, 4.050 ptas.

Dos carros de abono orgánico por ferrado de tierra hacen 32 carros de abono, que, a 100 pesetas, son 3.200 ptas.

(Advertimos que, en venta, un carro de abono orgánico cuesta más de las 100 ptas.)

Tres sacos de superfosfato a 107

ptas. 321, un saco de potasa, 125; 50 kilogramos de abonos nitrogenados, 150; doce paquete de D. D. T., a 15 pesetas, 180; cuatro días de yunta para la siembra, a 75 ptas., 300; dieciséis jornales para la siembra, a 25 ptas., 400; preparación del terreno; seis días yunta, a 75 ptas., 450; cava, 32 jornales, a 25 pesetas, 800; renda: dos días de yunta, 150; jornales aplicación D. D. T., 150; recolección: 30 jornales a 25 ptas., 750; dos días yunta para recolección, 150; acarreo, 150.

Total de costo de producción de 10.000 kilogramos de patatas por hectáreas, 11.620 ptas.; valor en venta de esos 10.000 kilogramos, 8.500. Diferencia, 3.120 ptas.

No hay aquí ni una sola cifra exagerada o fuera de lo normal. Por el contrario, los jornales que nosotros hemos fijado a 25 ptas., se quedan por bajo de la realidad y las facnas de cultivo son las absolutamente indispensables. Quedan todavía sin añadir los impuestos que, naturalmente, gravan la tierra.

Ya antes de ahora en otros comentarios, nos hemos ocupado del grave problema que plantea la renta de la tierra en la región gallega. Las más de las veces, esta renta es inferior al costo de producción. Solo el sentimiento atávico de amor a la tierra y la austera vida de los campesinos explica, en muchos casos, el enraizamiento humano sobre las labranzas. Sin embargo, la entrañable raíz espiritual que sujetaba el elemento humano a la gleba va debilitándose progresivamente, y, en los últimos tiempos, al elevarse el precio de los productos manufacturados y bajar el de los artículos alimenticios, la situación de la clase labradora en la región gallega se ha tomado más difícil. Esta, que no otra causa, es la explicación fundamental del aumento de las cifras emigratorias.

Quiénes observamos de cerca la vida del campo sabemos perfectamente que en la economía agraria de Galicia no queda más tabla de salvación que la cría de ganados. Grandes masas de labradores se han percatado ya de que, la falta de remuneración de dos cultivos tradicionales, así como la carencia de jornaleros y brazos, no deja otro camino abierto que la producción de pastos, forrajes y tojo para aumentar la producción ganadera, donde, con un menos esfuerzo, es posible la obtención de discretos rendimientos. Cabría, sin embargo, —y auguramos que, fatalmente, habrá de llegarse a tal decisión—, fijar precios mínimos para determinados productos. Es la política que, respecto de la producción triguera, se ha seguido en el resto de España. Y a este respecto nos interesa copiar lo que, en orden al comercio cerealista, escribía el diario 'A B C' en un editorial del día 25 de septiembre: "Quizá en momento alguno —se decía en el periódico madrileño, se haya llegado en los medios agrícolas españoles al grado de tranquilidad y de confianza que actualmente se aprecia en lo re-

ferente al aspecto comercial de las producciones cerealistas. El secreto de esa satisfacción de la colectividad labradora reside "en el sistema de precios tope de retroceso establecidos oficialmente" y en la posibilidad de endosar a los almacenes del Servicio Nacional del Trigo el volumen de mercancía que no puede ser encauzado por vía del que podríamos llamar "mercado libre", si en éste no se registraran cotizaciones superiores a aquellas".

Está explicado así el optimismo de los trigueros españoles. Su trigo no podrá descender nunca por bajo de una cifra que asegura la rentabilidad de la cosecha. Hay, por consiguiente —y nos parece muy bien—, una política que defiende al trigo, a la remolacha, al aceite o al arroz. Pero estas medidas proteccionistas no alcanzan a las producciones típicas del agro gallego. La solución consistiría en hacer extensivas tal política a esas producciones, huérfanas todavía del amparo oficial. Esto podría incluso lograrse sin gravar a los consumidores. Una política semejante responde, en los momentos actuales, a una tónica universal. Los países más prósperos defienden así a sus agricultores y granjeros. (Es, por ejemplo, la política de los Estados Unidos, al adquirir su Gobierno a precios tope los excedentes de cosecha. Por cierto que esta política no ha podido ser abandonada por el Partido Republicano). P, en España ocurre lo mismo con el trigo y sucede de hecho con el aceite y otras producciones básicas. La realidad es que la agricultura gallega atraviesa en estos momentos un bache difícil, para el que, a nuestro entender, no son fáciles las fórmulas de solución; bastaría con aplicar procedimientos ya en marcha para otras producciones aparte de la labor —que exige más tiempo—, de orientar la mayor suma de esfuerzos hacia el incremento de la producción ganadera que, por el momento, parece la perspectiva más prometedora que se ofrece a las haciendas campesinas".

Na cidade do Porto erixeuse un monumento a Rosalía

Na cidade do Porto, levou-se a cabo, o solemne aito de descubrir un fermoso monumento á inmortal Rosalía.

Asistiren ao aito, autoridades e representacións de toda Galiza, acompañadas do cónsul de Portugal en Vigo, doutor Rodrigues Miranda, e do vice-cónsul señor Homen de Almeida.

Antre as personalidades que figuraron en dita expedición cultural que saeu de Vigo, figuraba a filla de Rosalía de Castro, Doña Gala Murguía Castro, que conta 85 anos d'idade, acompañada polos académicos da Galega, Elena Quiroga e o señor Naya, ademais do Marqués de Figueroa, presidente do "Patronato Rosalía de Castro".

Na nutrida expedición que saeu de Vigo, representaba a esta cidade o tenente alcalde señor Durán Gómez, e, a propósito da devandita cidade diremos que honora á inmortal Rosalía, dándolle o seu nome a un homilde calexón de cincuenta metros d'eisten-sión...

Vaia o noso emocionado agradecemento ao nobre povo e as autoridades do Porto polo homaxe de que fixeron ouxeto á nosa inmortal Rosalía.

beza cun vistoso turbante verde e gran pruma roxa. (Os malintencionados afirman que, agachados na ampla chilaba, o reverendísimo portaba un bidón de gasolina). O saleroso alcalde da Coruña, Molina Brandao, de chilaba branca e turbante verde listado de marelo, portando mui chulo o bastón de mando; o almirante Regalado, ativeiro e único, semellaba Almanzor o Terribel. Lástima que non fa d'acabalo...

Alah é Alah e Mahoma o seu Profeta... E cousas veredes que non-o creeredes...

¡¡¡ATENCIÓN!!!

Avisase á colectividade que de novo háchase en Bós Aires o insigne estraperlista Don Cesáreo...

Como decote, de partenaire de boas mozas, (hombre suerte, ¡ahijuna!...)

Como decote, o mamalón de Don Braulio de "Nuevo Correo", entrevistándose:

"¿Qué tal, Cesáreo?"

Bien, chico.

Cómo queda España?

Hombre, ¡estupenda! La vida es cómoda; hay holgura. Se acabaron las privaciones, gracias al genio del generalísimo Franco, que gobierna a España..."

O aviso vai pol-os "menús"... Non sexa o conto... LOURENZO FRAGOSO.



# Aitos en Homaxe a Castelao

(Ven da páx. 1)  
Identifica, chegando a través da súa alma galega, a universalidade que aniciamos para o noso povo.

O mensaxe de Castelao está concebido no máis íntimo e enxebre da



O ilustre escritor S. Xavier Bóveda, lee o seu fermoso discurso en col da obra de Castelao.

vida galega. Castelao ve craro no seu povo; ve a inxusticia social, ve o problema do centralismo, ve a acción negativa das élites servíes e domesticadas.

Son as "Cousas da Vida", as "Estampas" onde Castelao dibuxa o seu mensaxe de xusticia e de dignificación social, o mensaxe que fai abalare a alma dos galegos todos.

## NO PANTEON DO CENTRO GALEGO TIVO LUGAR UN EMOTIVO AITO

Como todos os anos, na señalada data do pasamento de Castelao, un numeroso grupo de galegos fíxose presente no panteón do Centro Galego para rendir un elapresivo homaxe en memoria do ilustre persociro do galeguismo, aito que se ven trocando nunha especie de peregrinaxe patriótica, que ano a ano, cumpren os galegos que manteñen aceso o sentimento de Patria cabo da representación ideal da Terra.

## ORACION DO IRMAN SUAREZ DO PAZO

En primeiro termo usou da verba o irmán Suárez do Pazo, que en nome da Comisión Intersocietaria fíxo una fermosa ealitación da persoa de Castelao, presentando o homaxe que discípulos, amigos e irmáns, co corazón lateante de dor pol-a súa perda, pero firmes nas la-

bouras a prol de Galiza fo espírito fortalecido pol-o seu cixempro, rinden nesta data ao devanceiro, desexosos de poder cumprir a sagra misión que nos tecea realizar.

A ofrenda froal que a Comisión Intersocietaria deposita hoxe sobor d-este sartego —di o orador— simboliza as bágoas da nosa door coeiti-va e constitúe un homaxe ideal de todolos fogares e povos de Galiza, que na diada da liberdade abrirán as súas portas para tender un regueiro de froles pol-o camiño do seu retorno á Terra, até o malmento que Galiza enteira erguerá, como santuario da nacionalidade galega.

Coa túa morte —sigue decindo— e co cixempro da túa vida, diches a Galiza emigrada, a esa "Galiza Ideal", unha bandeira que dende entón ven presidindo todas as nosas inquedanzas patrióticas. E hoxe, cinco anos despois do infausto día do



O delegado vasco, señor Gurruchaga, facendo uso da verba

teu pasamento, vimos eiquí para re-firmar o noso xuramento de cumprir a sagra obriga contraída diante do teu corpo inmortente. Loitar... lotar sempre pol-a liberdade da nosa Terra, enchendo con unha labouira sin acougo o gran valeiro que nos deixou a túa ausencia física.

Fina a súa oración fúnebre o irmán Do Pazo invocando o ledo día en que Galiza enteira reciba a amada reliquia do seu mestre inimitable; triste día porque Galiza sentirá a door de non poder contar con tal ilustre fillo para enroitar os camiños do seu porvir promisorio, mais tamén día ledo porque o noso povo habrá conquistado a súa liberdade e poderá desenrolar libre de mediatacións a súa propia personalidade nacional.

Até entón, Mestre, seguiremos percorrendo sin desmaios os vieiros da loita.

## VERBAS DO SEÑOR SANCHEZ MILLARES

De seguido, en nome da Comisión Directiva do Centro Galego, fíxo uso da verba o señor Eduardo Sánchez Millares, que destacou até que punto a figura de Castelao se proceita sobor da nosa coeitiividade, como a persoa de meirande prestixio intelectual, pol-a súa homía de ben e pol-o seu amor entrañable e insobornable para a Terra.

A súa rexa personalidade non sabe de desmaios e non pudo desesperanzalo o desenlace da terrible traxedia que lle cabeu vivir ao noso povo, e sobor das loitas minudas soupo distinguir a labarada inestinguíbel de amor á Terra que anima a acción de todos os galegos de Bós Aires.

Castelao coñeceu ben a vida de inquedanzas dos emigrantes e constitúe o seu fogar entre nós, fogar que pol-a irradiación da súa personalidade trocouse en recinto sagra onde a bandeira e o ideal de Galiza mantifa aceso o noso espírito.

"Renovamos unha vegada máis —fina decindo o señor Sánchez Millares— a nosa promesa de que cando o corpo de Castelao falte de xunto de nós para ser levado á Terra Nai, coa nosa quedará para sempre o fogo permanente do seu espírito. E as fogueiras que se ergan para entón nos montes e picoutos de Galiza, as campás das igreas que repicarán para anunciar a volta de Castelao, como leno vento que chega de alén do mar, tocarán as nosas i-almas de emigrantes; i-almas ergueitas para o amor a Galiza, pol-a verba e o espírito inmortente de Castelao."



O delegado catalán, Dr. Ramón Escarrá lendo o seu discurso.

# Un Gran Presidente

O Centro Galego de Bós Aires, pol-o seu potencial económico e pol-a súa gravitación no seo da coeitiividade galega, ven sendo algo asin, como a entidade nai, cuías decisións aprol do camiño riseado no campo do mutualismo e da cultura galega — Xornadas galegas, concursos literarios no noso idioma, edicións de libros galegos etc. — Son un doado exempro do moito que se pole facer pol-a grandeza da nosa coeitiividade a carón de fitos patrióticos e de cultura galega hoxe abafada e opeixa por un réxime totalitario inhumano e sanguiniante que tripuen brutalmente o campo da nosa cultura nazonal, perseguindo asañadamente o noso idioma e todas aquelas manifestacións culturais que elevan e identifican a un povo diferenciado. (

Si botamos unha ollada retrospectiva encol do desenrolo da nosa coeitiividade nos derradeiros tempos, énos doado perceber, como ela se encamiña por vieiros d'unidade — Centro Galego, Centro Pontevedrés, Ourenán, Coruña, Lucense, Betanzos e Coreubión. — Os dous derradeiros, auténticos representantes d'eistensas rexións do país galego — conscentes do progreso que

doile conquistar polo creadouro e conciencia do seu cometido.

Estamos a defendere a liberdade, o ser, a vida da Nación Galega, a defendere a nosa cultura, o noso idioma, hoxe, mais que nunca, esballados e persiguídos.

Estamos a facere sementeira espiritual na sagra múltiple i-esparexada da Galiza emigrada.

Estamos a facere ambiente galego: nebociros, orballos, cántigas, aturuxos, gaitas, piornos, cofredoiras, carballeiras, souts, encostas, curutos, piñeiros, rias... Ambiente enxebre no que poida mergullárese e frolece o lirismo galego. Ambiente enxebre no que poida zugarse celme, ritmo e xeito e lirismo en pena; ise lirismo que se xía por falla dun colo morno e garimoso que saiba arrolalo e lle dea queutura.

Irmáns: Temos de axudare a que Galiza se erga e camiñe pol-o seu pé. Que camiñe ela soa, de por sí; sin impedimentos, sin tutorías.

Temos de creare os organismos culturais que posibiliten o desenrolo espiritual da Galiza emigrada. Temos de promover a corrente lírico-telúrica da nosa saudade, coma elemento formativo das nacentes culturas do Novo Mundo.

Iste triplio cometido: liberdade da Nación Galega, promoción espiritual da Galiza emigrada, e cultivo da sagra galega das nacentes culturas americanas; velei a grandeira empresa que nos xunge eiquí; velei a empresa que nos quenta o espírito con queutura de esperanza, de felicidade e de orgulo.

Irmáns: Fai des anos, atal noite como esta, unha vos inesquecibel, fa deitando verbas garimosas e proféticas; verbas que espertaban no noso peito o máis aceso amor á Terra. Verbas que nos amostraban e facían sentire o noso ser nacional. Verbas que nos amostraban e facían sentire a presenza lumiosa i-en trance de futuriidade da Patria Galega. Era aquila vos, a vos garimosa e profética do noso guieiro Castelao.

Iniciouse así unha tradición; a tradición d-ista comunión relixiosa mente patriótica que estamos a celebrar.

Hoxe, como fai des anos, sentimos aquila verbas; mais xa non-as escoltamos cos auvidos, senón que as sentimos na ialma e na vida. Sentimolas como un sopro vidual que anima e dignifica todo o noso ser.

O Mestre, Castelao, está eiquí. Il ven cada ano a presidire ista cea por el iniciada. Nós sentimolo a nosa beira, acaron de nos. E, namentras vivamos, faremos todo o posibel para vivamos, faremos todo o posibel para seguire merecendo o honore de compartir, con il, ista patriótica aunaristía.

supón, a unión en organismos potenciales e representativos, doadamente capaces de trascendentais labouiras culturais e patrióticas galegas, realizando deste xeito eiquí, nesta Galiza Ideal, o que na Patria escravizada pol-o repudiado falanxismo, é imposibel realizar acaron dos auténticos valores do espírito do noso povo.

E' por elo, que A NOSA TERRA, órgao do galeguismo na emigración, diante do trascendental feito de fundar o seu período presidencial do Centro Galego de Bós Aires, Don Xavier Vázquez Iglesias, non pode interpretar este feito, como un período máis, unha presidencia máis, na longa ringleira ao traveso da súa disintenza.

Don Xavier Vázquez Iglesias, gran democrata e patriota galego, interpretando doadamente a opinión republicán e galeguista dos asociados da institución e, de repudio ao falanxismo que asoballa a nosa Terra, soubo con decisión i inerxia, como eisperimentado piloto, levar a nave do Centro a bon porto.

A súa presidencia, difia i cixemprar, deixa un ronsel pol-o cal terán de continuar os seus predecesores, único xeito para que o Centro s'encamiñe por vieiros de progreso e de grandeza.

Non findaremos esta nota, sen deixar ben sentado que a brillante presidencia do señor Vázquez Iglesias foi posibilitada pol-o decidido apoio que lle prestaron os membros da Xunta Directiva, xurdidos das Agrupacións "Celta", "Galicia" e "A Terra", e pol-a eficaz colaboración das Comisiões de Colaboración, de Obras e de Cultura, integradas todas elas, por relevantes figuras da nosa coeitiividade.

Pol-a súa parte, a coeitiividade galega de Bós Aires que sabe facer xustiza a quens a honoran e a serven, teima renderlle ao señor Vázquez Iglesias, o grande homaxe do que 6 merecente, apoiando asin, a iniciativa neste senso, das Agrupacións "Celta", "A Terra" e "Galicia".

# Xantar do Consello de Galiza

Como é tradicional todo los anos tivo lugar o día 18 do derradeiro mes de Nadal no resarrarán "La Cabaña" a cea con que o Consello de Galiza agasalla a cantos, ó longo do ano, lavouara a prol dos dereitos das liberdades e da cultura da nosa Terra. Na cabeceira da mesa, a veira dos membros do devandito Consello Srs. Alonso Ríos, Villavride, Puente e Alonso Pérez atopabanse os presidentes das máis importantes entidades da coeiti-vidade, como ser presidentes dos Centros Ourenán, Pontevedrés, Coruña, Betanzos, Coreubión, e Irmandade Galega e unha longa ringleira de des tacados persociros que comp-ten distintos labores en xornas, revistas e outras aitividades coeitiivas. Nun ambiente de patriótico entusiasmo faloron pra se referir as actividades desenroladas ao través do ano, o tesoureiro de Facenda señor Alonso Pérez, quen con precisas verbas espuxo axei- tados conceitos pra acodar un cada ves meirande proveito das tarefas a levar a cabo... Aseguido falou o segredario do Consello Sr. Anton Alonso Ríos quen dixo:

## DISCURSO DE ALONSO RIOS

Irmáns: O Consello de Galiza chamouvos a celebrare ista comunión; esta comunión que é vencillo de irmandade, e, tamén, afervorado tributo de gratitud pra todos vós.

Mais, ista mostra de recoñecemento, quer chegar, do mesmo xeito, a todos aqueles que sinten inquedanza pol-a sorte da nosa Terra e teñen fe no seu porvir. Pois a todos eles nos xunge a mesma irmandade i- o mesmo agarimo.

E xusto que fagamos notar, no panorama coeitiivo, as entidades que en todo intre amostraron o seu celo patriótico encol dos intereses da Nación Galega. Niste senso ocupan destacado posto aquelas que se agrupan formando a Intersocietaria; a saber: Centro Ourenán, Centro Pontevedrés, Centro Coruña, Centro Betanzos, Centro A. B. C. de Coreubión e Irmandade Galega.

O mesmo merecen moi especial mención:

O Centro Galego de Bós Aires que se mantén firme nunha liña de lealdade ao sentimento patriótico dos seus asociados, e desenrola notabel labouira cultural.

As Mocidades Galeguistas, cuxa aitividade múltiple faise ben apreciabel nos seus aitos patrióticos e culturais, nas aitividades internacionais con vascos e cataláns, e na publicación do xurdio periódico "Adiante".

"Galicia Emigrante" (revista e audición), que acusan unha fina sensibilidade galega e verdadeira categoría cultural e patriótica.

O "Instituto Argentino de Cultura Galega", de Eva Perón, de mérito-rias aituacións.

As audicións radías "Recordando a Galicia" e "A voz de Galicia", de cote a defensa dos intereses galegos.

No ámbito continental american, son merecentes de toda loubanza: O Centro Galego de Caracas, coa súa notabel revista "Galicia"; Casa de Galicia de Nova York, o Patronato da Cultura Galega de México, Casa de Galicia de Río de Xaneiro e Irmandade Galeguista de Montevideo.

Outro tanto compre decire das audicións radías galegas de Montevideo, Santiago de Chile, Caracas e México.

Agora debemos singularizarnos con dúas personalidás que, por primeira vegada participan nista comunión patriótica: o irmán Alberto Vilanova Rodríguez e o poeta arxentino Víctor Luís Molinari.

Alberto Vilanova é un auténtico valor cultural; é, igualmente, un auténtico patriota galego. Estimamos que as súas documentadas contribucións á restauración, á recreación da verdadeira historia da Nación Galega, son dun mérito que re- boida toda ponderación. E non dubidamos en afirmare, que, a súa presencia no seo da Galiza emigrada, ven a encherer un argurioso valdeiro.

O poeta Molinari é un criollo de lei. E, sin deixare de sel-o, acusa un lirismo de fino xeito galego. Un lirismo que agromou e xouse por falla de ambiental agarimo. Hoxe ese lirismo de Molinari, mergullándose na saudosa corrente da galeguidade, afrola de novo na súa "tonada". Isa tonada na que latea fondo o sentimento da Patria-Terra. Por iso o sentimos tan perto de nós.

Irmáns: Estamos a por en pé á Galiza emigrada. Primeiro, espertando nla o senso do seu ser. Aseguido, facén-

## Homaxe a D. Pedro Campos

O día 10 do derradeiro mes de Xaneiro cumplesse o primeiro cabo de ano do tránsito o alén de D. Pedro Campos Couceiro, un dos máis vellos e reloxos loitadores dos patrióticos ideais galeguistas da nosa coeitiividade. Con ise motivo, no panteón do cemeterio da Chacarita, onde repousan os seus restos, foille rendido no devandito día un sinxelo homenaxe de lembranza á súa memoria que contou coa presenza do Segredario do Consello de Galiza, señor Alonso Ríos, directivos da Irmandade Galega, numerosos amigos e familiares do finado. No intre de oferecer o homenaxe dos presentes consistente na colocación dunha ofrenda froal, usou da verba o señor Xosé B. Abreira, quen con breves i-espresivos conceitos, loubou a personalidade patriótica de D. Pedro e o do-roso sentimento de pesar que deixou a súa morte en cantos tiveron a sorte de tratalo.



### PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1. Galiza, unidade cultural.
- 2. Galiza, povo autónomo.
- 3. Galiza, comunidade cooperativa.
- 4. Galiza, célula de universalidade.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,  
forxá, forxade grillos  
Pode oprimir o ferro  
Un corpo enfraquecido;  
Mais as nobres ideais  
E gloriosos instintos...  
Esas... non pode non, o dure  
Nin a morte extinguiños.  
ferro.

EDUARDO PONDAL

Año XXXIX — Núm. 492

Bós Aires, Xaneiro de 1955

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## ACRARANDO

En "Galicia" con data 59 de novembro ppdo., publicouse con título a dúas pranas, "Declaración de la Junta Ejecutiva de la Federación de Sociedades Galegas" a xente d'intorme oficial da institución e col, encéitase unha campaña aberta contra o galeguismo, pretendendo criar o confucionismo no seo da colectividade.

Nós, que sabemos moi ben o que se agacha rosoiramente tras da pintoresca figura do "mandamán" da Federación, coidamos que e mester, unha vegada máis, por as cousas no seu lugar e punto.

O galeguismo, ideal de liberdade da patria galega, democrata e republicana, sen chatas ao traveso da súa longa loita en Galiza e na emigración, decote ven na masa federal en seitor virante na emigración, a pesar de pretensións postuñas moi séculas XIX de pintoresco e resoso anarquismo e de pavero internacionalismo —evasión do galego por mor do complexo d'inferioridade dos seus dirixentes—, en casos traecentais pra nosa patria; hai que recoñecer, galegos ao fin, a Federación estivo ao seu posto de loita.

Mais dende a guerra civil hespañola para aquí, a situación política da Federación trocou fundamentalmente pola filtración d'elementos "dirixidos", non galegos, que descoñecen a Galiza e os seus problemas e que na súa teima imperialista e reaccionaria hespañola ataca as esenciais nazonais do noso povo co propósito, deliberado de converter a Federación nunha institución hespañola ao uso, e nunha burla dende o cal atacar ao galeguismo.

Creamos, que o rompimento da Comisión Intersocietaria coa Federación debeuse a presión impericlista e reaccionaria destes elementos hespañóis "dirixidos", que hoxe manexan á Federación escudados no "cabeza de turco" do seu secretario xeral, ao pretender impór un orador —Xerardo Díaz— que falase en castelán en nome da Federación, nos altos patrióticos a organizarse polo devandito, organismo d'unidade galega. A teima destes elementos indesezables, era desvirtuar eses altos patrióticos e democráticos galegos, e diante do fracaso na C. I. "eliminar" a Federación, organizándose aproveitando a data dos Mártires Galegos pra faceren unha ridícula hespañolada.

Conste, que nós, os galegos, non somos racistas ao uso. Precisamente, polo fizado permanente que nos impón o Estado hespañol ao traveso de todas as formas de goberno, es famos adoitados á convivencia cón xentes de todolos climas e razas o que nos doa un fondo senso de solidariedade humana. E non é raro ollar nas nosas institucións, desvirtuando ás veces, cárgos nas directivas a xentes d'orixen non galega, que s'achegaron ás nosas cousas, nobremente, sen criarmos problemas.

¿Qué procuran pois, eses elementos hespañóis "dirixidos" chautados

na Federación de Sociedades Galegas? ¿Buscan a unidade dos galegos na loita contra Falanxe?

Nós, os galegos, non temos problema d'unidade. Demóstrano acotío os nosos altos galeguistas e republicanos. O grandioso, aito do Teatro Argentino, entre outros, que se veñen celebrando acotío, no cal foi apoteósicamente acramado Ramón Suárez Picallo, gran pioneiro da Federación, é concurtente, por si non abundara a limpa traxeitoria galeguista e republicana da nosa colectividade.

As nosas xentes e as nosas entidades, —verdadeiro rompecabezas da Embaixada de Franco— están onde estaban no tráfico xullo do 26, coa Autonomía —hoxe superada— e a República, fronte ás entidades hespañóis cobardemente entregadas a Falanxe. ¿Pódese probar o contrario? ¿Quénes son eles pra virnos a ditaren normas aos galegos? Que traballen na colectividade hespañola, e que a nós, nos deixen tranquilos coas nosas cousas, que non temos mester d'hespañóis pra que nos desarraixen.

Debemos aceptar que estes elementos hespañóis filtrados na Federación aitan con certa habilidade. Están ben "dirixidos". Manexan argumentos tan simples, que pola súa mesma simpleza, nunca falla un mamalón que os aceite como artigos de fé.

"No habrá Autonomía sin República". É certo, pro a colectividade hespañola está en falanxista.

"La libertad nacional de Galicia, Cataluña y Euzkadi vendrá con el derrumbamiento del franquismo". Muí certo, pro eles ataca ao "dioma galego e as esenciais da nosa nacionalidade, e chamámos "separatistas" —i é certo— como se ejo fora un delito.

"Juan Jiménez, campesino castellano, no esclaviza a Antón Baloira, campesino gallego". Tamén é certo. E até pensamos que muí ben podían iren tomados do brazo como bós camaradas a papar unha boa cazola de callos, pro conveñamos en que, a moitodume de Jiménez que compón e configura o povo e o espírito de Castela, si, escraviza á moitodume de Baloiras que compón e configura o povo e o espírito de Galiza. Porque o problema nazonal —e

isto sábeo calisquera— non é un problema individual senón de povo. ¿Estamos? O demáis é cháchara a hespañola, e a decir verdade, de cháchara hespañola estamos fartos os galegos.

A cháchara hespañola, engaiounos en San Sebastián e logo birlounos a Autonomía. As dúas de milleiros de mártires galegos debémola a esa miserabel cháchara hespañola, a mesma, que fixo, que é inmensa axuda galega á Hespaña leal —os galegos fomos os únicos que nos movilizamos— lévase cuño hespañol, e, aos combatentes galegos, naturalmente, cando lles tiña que chegar todo se houbéramos sido máis sensatos, ou si queredes, mais galegos, non lles chegou nin un pitillo...

Agora, dende fai tempo, témo-lo problema da cháchara hespañola na Federación, gracias a un pintoresco treidoreño con infulas de "mandamán" e a un fato de mamalóns que nunca fallan para compretar o caso.

Nombargantes, estamos tranquilos. Pasarán. Os "rabanitos" hespañóis como a prudenza galega os denominan, fracasaron na súa teima de converteren coa súa cháchara nun falso feito hespañol, a realidade galega, servíndose da súa rexa unida, de i espírito de loita, fronte a Franco e Falanxe e pol-a liberdade de Galiza.

## Aito Simbolico no Pazo do Centro Pontevedrés

O domingo 5 de decembro ppdo., no fermoso Pazo Galego do Centro Pontevedrés, en Olivios, efectucouse unha saudosa cirimoña: foron prattados tres fermosos pinos traquidos de Galiza por don Vicente Velazco.

O aito en si, polo que elo supón e revela o noso espírito saudoso, cobizoso de patria, o pino, o esquío e sonoro pino, tan marxistralmente louvado por Pondal, tan consustanciado coa nosa paisaxe de beiramar, do val e da montana, como o toxo e o carballo, é un irapreciabel elemento evocador que nos fala fondo e garimosamente da nosa Terra, da Patria lonxana e saudosa, inesquecibel para totolos galegos que espaliados polos catro puntos cardinaís do ancho mundo, soñamos decote no retorno...

As autoridades do Centro Pontevedrés, baixo a dina presidencia de don Xosé B. Iglesias, con fino senso patriótico galego teimaron donar a maor solemnidade ao simbólico aito de prantar no parque do Pazo os pinos traquidos da Patria.

Hachábanse presentes, ademais das autoridades do Centro, o matrimonio Velazco, representantes de sociedades irmás, destacados membros da nosa colectividade e numerosos socios.

Como nota simpática e de corido foi a presenza das fermosas rapariguñas Silvia e Adriana Dufour Porto quen, adeviadas co traxe

nazonal galego, realizaron a emotiva tarefa de pousar os tres pinos en terra argentina, encetándose este simbólico aito, co Himno Galego.

Axiña, o señor Manoel Ucha, membro da X. D. do Centro Pontevedrés, verteu en idioma galego, unhas espresivas verbas de recoñecimento do Centro Pontevedrés aos socios don Vicente Velazco e dona, pola feliz idea de traer da patria os pinos galegos que moi axiña xermolarían vixosos i esguos neste noso parque, que é, para nós, como un anaco de terra pontevedresa. As elocuentes i emotivas verbas do señor Manoel Ucha foron moi aplausadas.

Aseguido, falou tamén en galego, o integrante da X. D. e membro da C. de Cultura do Centro Pontevedrés señor Antón Rodiño quen dixo entre outras cousas:

"Non é hoxe un día de festa sin, nalado, nen unha data que mereza nosa conmemoración posto que, non hai nela nada que o xustifique. Para nós —galegos en xeral e pontevedreses en particular— o motivo deste aito, anque aparentemente intrascendente, ten un profundo significado que repercute directamente na nosa saúde. Vimos a renderlle culto á Terra Nai que nos ven nacer e a algo do nobre que esa terra dá e que se identifica con ela."

El más adelante: "O pino, ten para nós, os galegos, sabor e cor d'estampa. Non concebimos a nosa paisaxe sin un pino que a adorne. Aínda que o carballo —símbolo de dureza— é o noso arbore autóctono, o pino, que é brando pro firme, afincou na nosa Terra en tal profusión que invadeu a mesma cambiando a súa fisonomía."

Finda o señor Rodiño facendo unha emotiva oración á Nai Terra e, recitando a Casteiaco cando dixo: "Certo que a Terra que amamos tanto, aínda é un val de bágoas; pero nós, os galegos, superaremos a predición relixiosa e trocáremos en Paradiso".

As derradeiras verbas do señor Rodiño foron moi aprausadas polo numeroso público alí presente.

Pecha o aito con un discurso en castelán o señor Vicente Velazco, do cal entresacamos o que sigue:

"Mucho se lleva dicho y escrito en torno a los gallegos. Sus condiciones, su carácter, su emigración a todos los países del orbe y como consecuencia, mucho ha preocupado a toda esa literatura, precisar con más o menos exactitud, el alcance de esa actitud espiritual, indefinible, ese estado anímico que se llama *Morriña* o *Saudade*... eso que cada emigrante, joven o viejo, rico o pobre, sabio o ignorante, lleva cuando sale de su tierra, formando parte integrante e indivisible de su propia personalidad."

El más adelante: "En nuestra tierra, sujeta a im. posiciones culturales y materiales del más odioso centralismo, se cumple con creces el castigo bíblico de: "Ganarás el pan con el sudor de tu frente". En Galicia, sudan el cuerpo y el alma en la impotencia de obligada resignación."

Finda o señor Velazco o seu discurso, unhas emotivas verbas en idioma galego sendo premiado o orador con espresións de simpatía e aprauso.

olla. Doña Agustina, que nós, pápitamos "rabanita", e cando non?, é da clásica mentalidade hespañola que arrinca do século d'ouro hespañol —"reino del pingajo y el piojo", según un clásico de quele tempo— empeñados en negar a Galiza e ao seu povo, contra vento e marea, máis hoxe xa ningún cre niso, únicamente, craro está, a clásica inorancia hespañola i eses catro mamalóns, compatriotas nosos con mentalidade de zulúes chantados na Federación, oficiando, de xudas los reacionarios "rabanitos" hespañóis.

## Cousas de Doña Agustina...

O periódico "Galicia" é tribuna aberta para calisquera papanasas que queira insultar ou decir parvadas encól da nosa Terra. Naturalmente, é leira vedada para os ardidistas quen es ao fin de contas, trabucados ou non, teñen perfecto dereito a espor as súas ideas, —isto de trabucados ou non, non pasa de sere unha elegancia periodística— porque, amiguíños, honradamente: ¿qué facemos á veira dos hespañóis? Nós, os galegos, somos xente seria e aboí que facemos un mal negocio, amén de que estamos en permanente perigo de que se nos

pegue a característica cháchara hespañola que ven sendo algo asíu, como a tilaxera nas vidas...

De vez en vez, o mamalonismo dos da C. de P. de "Galicia", ver, que sobor das inocentes pranas do periódico a Caldereta acugulada de sidra asturiana en verso, dun coñecido versolati astur ou de calisquera aventaxado disposto a decir parvadas encól da nosa Terra.

Agora, no numero do 15 de xaneiro ppdo., aparés a toda prana, con subtítulo de "Folklore hispano"—moitas gracias, polo de hispano— un traballo gracioso de Galiza firmado por doña Agustina Costa, toda ela, con certas infulas de musicóloga fiando no noso folklore como millor lle peta.

Até aquí, damos unha figa Doña Agustina e até llo podíamos decir musicalmente en tempo de "ala lá", pro, no que nos fai gracia Doña Agustina, é cando sobor do final do seu traballo, dis con moita aquela, como si os hespañóis foran un povo de tartarú:

"Aun siendo Galicia una de las regiones de España donde más pródigo se muestra la naturaleza, es proverbial la enorme miseria en que vive el pueblo por el secular abandono en que se la tiene; y por ello, esta región es la que siempre ha dado mayor contingente de emigrados".

Olle Doña Agustina: os galegos estámolle un pouco fartos d'ouvir dos probes hespañóis que somos un povo indixente, sabe? Porque Galiza, comparada con ambas Castelas, León Andalucía, Estremadura, e Aragón, (Hespaña) ven sendo algo asíu, como un país millonario. Por que o povo galego, en función do amor ao traballo i en posesión dun mar abundoso en peixe e dunha terra fértil —decimos en posesión, por canto o galego é dono da terra que traballa e, inda que pouca, por mor do minifundio, é mil veces millor que o inhumán latifundio— non está sometido ao miserabel réxime do gaspacho ou da porcina landra.

O galego, Doña Agustina, denantes d'aguantar o clásico desgobierno dos hespañóis, emigra, pro esténdase ben; emigra porque ten con qué. Será bon decirlle a Doña Agustina que, calisquera galego, por probe que sexa, si se propón emigra. Sempre ten a man, algo que vender ou hipotecar, cousa que non pode facer un hespañol, sometido decote a un réxime receso de fame secular.

Naturalmente que, polo que se



## As son da zanfona

DISPUTAS CASEIRAS  
Por VERDUGUILLO

A Falanxe berra,  
toda alporizada,  
porque cos monárquicos  
Paco en tratos anda.

"Ese porco indino  
—dín os "camaradas"—  
¿non irá facernos  
algunha trastada?"

"Capaz é de todo,  
mais, si se desmanda,  
habrá chourizos  
pra unha temporada".

Don Xan, ese parvo  
que non tivo agallas  
pra ocupar o trono  
que lle regalaban,  
como un chuchumeco,  
sirve de comparsa  
nas burdas intrigas  
que o cochino trama.

E deixa que o fillo  
se eduque en Hespaña,

pra que un día reine  
por obra e por gracia  
daquel que sin duda  
non morre na cama.

Os probes monárquicos,  
con gran algazara,  
sairon á rúa,  
cal si xa mandaran;  
pero os falanxistas,  
cegos pol-a rabia,  
déronlles a todos  
a gran azotaina.

¿Qué lindo sainete  
pra ver na pantalla!  
¿Verdadeira cinta  
norteamericana!

Mais moito coidado,  
porque ás veces pasa  
que as cousas non saen  
como se esperaba,  
e o que empeza en broma  
finaliza en drama.

## "Galicia Emigrante" honrou a Castela

Tamén a prestixiosa audición radio "Galicia Emigrante", que pola emisora Radio Libertad espállas, todolos domingos, adicou a emisión correspondente o 9 de Xaneiro, a honrar a Castela, no quinto cabo de ano do seu pasamento.

Tal como ven faguendo todolos domingos, de reportear a unha prestixiosa figura da intelectualidade galega ou argentina, nista ocasión o reportaxe estivo a cárgo do vicepresidente da Irmandade Galega, señor Rodolfo Prada que, pol-a fi del amizade que o tivo unido a Castela soupo faguer con verbas acesas pola emoción unha manífica semblanza da personalidade múltiple do patriota desaparecido.

Na devandita audición ademais da brillante intervención do señor Prada compre destacar as maníficas glosas e recitados a cárgo de María del Pilar Lebrón e Carlos Arturo Orfeo que lle deron a esta audición un selo de cabal xerarquía.